

RESOLUCIÓN REITORAL DO 31 DE OUTUBRO DE 2017 POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA PARA O NOVO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO ACADÉMICO 2017/18.

A Universidade de Vigo a través da súa Escola Internacional de Doutoramento (Eido) quere atender de maneira especial ao alumnado que ao chegar á etapa de formación doutoral destaca de xeito particular por unha traxectoria curricular de excelencia nos estudos previos aos de doutoramento.

A presente convocatoria está dirixida ao estudantado matriculado por primeira vez en estudos oficiais de doutoramento no curso 2017/18 na Universidade de Vigo.

Por todo isto, esta Reitoría RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de 36 premios á excelencia académica para o novo alumnado de doutoramento da Universidade de Vigo no curso académico 2017/18, consonte as bases do Anexo I e distribuídos por programa de doutoramento segundo o disposto no Anexo II.
2. Ordenar a publicación da convocatoria no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo; nas páxinas web <http://bolsas.uvigo.es/> e <http://eido.uvigo.es>; así como, no taboleiro de anuncios do centro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do dia seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 31 de outubro de 2017

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

Diligencia para facer constar que esta resolución públicase no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo con data 31 de outubro de 2017.

A xefa da Área de Bolsas

M.ª de la Purificación Fandiño Pérez

Anexo I

CONVOCATORIA DOS PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA PARA O NOVO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO ACADÉMICO 2017/18.

I.- OBXECTO DOS PREMIOS

O obxecto desta convocatoria é atender de maneira especial ao novo alumnado da Universidade de Vigo que estea a realizar no curso académico 2017/18 estudos oficiais de doutoramento e que destaca particularmente por unha traxectoria académica de excelencia nos estudos previos aos de doutoramento.

II.- REQUISITOS DAS PERSOAS DESTINATARIAS

Poderá participar nesta convocatoria o estudantado dos programas de doutoramento da Universidade de Vigo regulados no Real Decreto 99/2011 polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutorado, e que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado por vez primeira no curso en estudos de doutoramento no curso académico 2017/18
2. Obter unha nota media ponderada igual ou superior a 1,00. A nota media ponderada calcúlase dividindo a nota media do expediente académico do grao ou da licenciatura previa, entre a nota media da titulación que figura no Anexo III.
3. Non estar nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

III- DOTACIÓN E PAGAMENTO

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo da aplicación orzamentaria 2017 00PG 131H48212.

O importe do crédito orzamentaria retido para esta convocatoria ascende a 9.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

A dotación económica bruta de cada premio será de 250 € e estará suxeita á retención do IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia. O premio aboarase nun pago único na conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria no impreso de solicitude.

Os premios estarán distribuídos por programas de doutoramento según os seguintes criterios (Anexo II):

- a) Nos programas que acaden entre 4 e 13 estudiantes de nova matrícula outorgarase 1 premio.
- b) Nos programas que acaden entre 14 e 23 estudiantes de nova matrícula outorgaranse 2 premios, incrementándose nun premio máis por cada dez alumnos matriculados.
- c) Para programas que acadaran menos de 4 estudiantes de nova matrícula; considerarase a agrupación de todos os programas que estean nesta situación dentro do mesmo ámbito de coñecemento. Outorgarase dentro de cada agrupación un número de premios segundo a mesma regra dos apartados a) e b). Se o número de estudiantes na agrupación e curso fose inferior a 4, outorgarase un premio.

IV.- PRAZO DE SOLICITUDE E DOCUMENTOS

O prazo de presentación de solicitudes remata o **día 15 de novembro de 2017**.

A solicitude presentarase por medio do formulario electrónica que se atopa na páxina web https://uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/bolsas/bolsas/premios/, sendo o que figura como anexo IV nesta convocatoria. Unha vez impreso deberá presentarse no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares indicados no apartado 4 do artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xunto coa solicitude deben achegarse os seguintes documentos:

- No caso de estudos de grao ou licenciatura realizados nunha universidade distinta á Universidade de Vigo deberán presentar a certificación académica oficial dos estudos universitarios. No caso de estudos validados, será requisito indispensable a presentación da certificación académica dos estudos de orixe na que conste a cualificación obtida.
- No caso de ter finalizado estudos de máster realizados nunha universidade distinta á Universidade de Vigo poderá presentar a certificación académica oficial dos estudos de máster na que conste que ten realizados todos os créditos necesarios para rematar a titulación.

A EIDO (Escola Internacional de Doutoramento) poderá requirir outros documentos que fosen necesarios para aclarar os datos para o outorgamento das axudas.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obligatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudio; así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade.

A responsabilidade do tratamento destes datos é da Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia-Servizos Centrais, campus universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

V.- SELECCIÓN e RESOLUCIÓN

1. Para a selección das persoas beneficiarias dos premios, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) A nota media do expediente académico de grao ou licenciatura de cada solicitante dividida entre nota media da titulación de acordo coa táboa aprobada no Consello de Goberno aplicable á Axudas propias de investigación (Anexo III).

No caso de que a titulación de acceso aos estudos de doutoramento fose cursado en máis dun plan de estudos a nota media da titulación calcularase multiplicando a cualificación de cada materia polos créditos que a componen, sumando os resultados e dividindo este resultado polo número total de créditos cursados. A nota media ponderada deberá ser igual ou superior a 1,00.

No caso de que a titulación cursada pola/o alumna/o non se imparta na Universidade de Vigo, a EIDO asimilará esta á titulación impartida na Universidade de Vigo considerada más afin.

- b) O alumnado que teña unha titulación de máster rematada ou 60 créditos superados nun mesmo máster universitario, sumaráselle 0,1 puntos á nota ponderada. No caso de ter rematado varios estudos de máster só se computará un.
2. A Sección de Bolsas, unha vez recibidas as solicitudes, comprobará que estas cumpren os requisitos básicos da convocatoria e publicará unha listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando os motivos de exclusión. Daráselles un prazo de cinco días hábiles para emendar os errores e achegar a documentación necesaria. O prazo comezará a contar dende o día seguinte á publicación da listaxe provisional nos taboleiros do rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo e na páxina web da Universidade <http://bolsas.uvigo.es>. Así mesmo, os documentos presentaranse no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares indicados no apartado 4 do artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Unha vez emendados os errores, publicarase a listaxe definitiva das persoas admitidas e excluídas.
3. A valoración das solicitudes farase pola Sección de Bolsas que as elevará para o seu refrendo á EIDO. No caso de que nalgún programa de doutoramento quedasen premios vacantes serán reasignados aos/as solicitantes coas notas más altas das listas de agarda.
4. A resolución de adxudicación dos premios publicarase na páxina web da Universidade e no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo, conterá a listaxe das persoas ás que se lle adxudica o premio, as solicitudes denegadas co seu motivo e as listaxes de agarda ordenadas de maior a menor puntuación. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer, no prazo de dous meses, un recurso contencioso administrativo, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición no prazo dun mes.

VI.- OBRIGAS

As persoas beneficiarias dos premios están obrigadas a:

- Estar matriculadas no programa de doutoramento da Universidade de Vigo durante todo o curso 2017/18
- Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2016, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que lle sexan de aplicación.

VII.- REVOGACIÓN DOS PREMIOS

A concesión destes premios pódese revogar polos seguintes motivos:

- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.
- A ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada.

O procedemento de revogación suporá o reintegro, por partes das persoas beneficiarias, das cantidades indebidamente aboadas.

ANEXO II

Número de premios por programa ou agrupación (datos de matrícula a 23/10/2017)

Programa de doutoramento	Premios
Análise económica e estratexia empresarial	2
Auga, Sustentabilidade e Desenvolvimento	1
Biotecnoloxía avanzada	1
Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria	2
Ciencias da educación e do comportamento	2
Ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable	1
Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión (Campus do Mar)	1
Comunicación	2
Creación e investigación en arte contemporánea	1
Creatividade e Innovación Social e Sostible	2
Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais	1
Educación, deporte e saúde	2
Eficiencia enerxética e sustentabilidade en enxeñaría e arquitectura	1
Equidade e innovación en educación	1
Estatística e investigación operativa	1
Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura	1
Estudos lingüísticos	1
Estudos literarios	1
Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria	1
Láser, fotónica e visión	1
Metodoloxías e aplicacións en ciencias da vida	1
Ordenación xurídica do mercado	1
Protección do patrimonio cultural	1
Sistemas software intelixentes e adaptables	1
Tecnoloxías da información e as comunicacións	1
Tradución e paratraducción	1
Xeotecnoloxías aplicadas á construcción, enerxía e industria	1
Xestión e resolución de conflitos. Familia, menores e xustiza terapéutica	1
Endocrinoloxía	
Física Aplicada	
Ciencia e tecnoloxía química	
Neurociencia e psicoloxía clínica	
Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces	
Química teórica e modelización computacional	
Nanomedicina	
Enxeñaría química	
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas	
Tecnoloxía aeroespacial: enx. electromagnética, electrónica, informática e mecánica	

ANEXO III
Nota media da titulación
(aprobadas en Consello de Goberno de 20/03/2017)

CAMPUS OURENSE		
	Titulación	Media
Grao en Enfermaría		7,9947
Grao en Educación Infantil		7,8229
Grao en Educación Primaria		7,7797
Grao en Educación Social		7,6662
Grao en Traballo Social		7,5055
Grao en Ciencias Ambientais		7,4192
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos		7,3597
Grao en Consultoría e Xestión da Información		7,2767
Grao en Xeografía e Historia		7,2054
Diplomado en Educación Social		7,1894
Grao en Dereito		7,1460
Grao en Turismo		7,1138
Licenciatura en Psicopedagoxía		7,1122
Grao en Enxeñaría Informática		7,0406
Grao en Enxeñaría Agraria		6,9047
Enxeñaría en Informática		6,8932
Mestre, especialidade de Educación Infantil		6,8309
Grao en Administración e Dirección de Empresas		6,7912
Licenciatura en Física		6,7252
Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos		6,7121
Licenciatura en Historia		6,5365
Mestre, especialidade de Educación Especial		6,4491
Mestre, especialidade de Lingua Estraneira		6,4167
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión		6,3549
Diplomatura en Ciencias Empresariais		6,3117
Diplomatura en Traballo Social		6,3033
Licenciatura en Dereito		6,2867
Diplomatura en Turismo		6,2763
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas		6,2158
Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias		6,1221
Diplomatura en Enfermaría		6,0842
Mestre, especialidade de Educación Primaria		5,9627
CAMPUS PONTEVEDRA		
	Titulación	Media
Grao en Educación Infantil		7,9995
Grao en Educación Primaria		7,8054
Grao en Fisioterapia		7,7409
Grao en Comunicación Audiovisual		7,6965
Grao en Enfermaría		7,6144
Grao en Publicidade e Relacóns Públicas		7,5755
Diplomatura en Xestión e Administración Pública		7,5140
Grao en Dirección e Xestión Pública		7,4939
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte		7,3965
Grao en Belas Artes		7,2352

CAMPUS PONTEVEDRA		
Titulación	Media	
Mestre, especialidade de Educación Musical	7,0226	
Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	6,8829	
Grao en Enxeñaría Forestal	6,8489	
Grao en Enxeñaría Mecánica (Escola Naval Militar de Marín)	6,6937	
Mestre, especialidade de Educación Infantil	6,5524	
Diplomatura en Fisioterapia	6,4781	
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	6,4324	
Enxeñaría Técnica Forestal, especialidade en Industrias Forestais	6,4311	
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	6,4189	
Mestre, especialidade de Educación Primaria	6,3428	
Licenciatura en Belas Artes	6,3416	
Mestre, especialidade de Educación Física	6,3250	
Diplomatura en Enfermaría	5,7267	
CAMPUS VIGO		
Titulación	Media	
Grao en Educación Primaria	7,8502	
Grao en Enfermaría (Meixoeiro)	7,8264	
Grao en Educación Infantil	7,7149	
Grao en Estudios de Galego e Español	7,5771	
Grao en Enfermaría (Povisa)	7,4496	
Grao en Traducción e Interpretación	7,3247	
Grao en Enxeñaría da Enerxía	7,3033	
Grao en Bioloxía	7,2728	
Grao en Dereito	7,2057	
Grao en Linguas Estranxeiras	7,1248	
Grao en Economía	7,0875	
Grao en Química	7,0738	
Grao en Comercio	7,0527	
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	7,0328	
Grao en Ciencias do Mar	7,0097	
Grao en Enxeñaría en Química Industrial	6,9750	
Grao en Administración e Dirección de Empresas (Afundación)	6,9556	
Licenciatura en Filoloxía Hispánica	6,9149	
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	6,9079	
Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	6,8974	
Grao en Enxeñaría Mecánica	6,8919	
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	6,8862	
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	6,8190	
Enxeñaría de Organización Industrial	6,8073	
Grao en Administración e Dirección de Empresas	6,8072	
Grao en Enxeñaría Eléctrica	6,7920	
Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	6,7702	
Enxeñaría de Telecomunicación	6,7135	
Enxeñaría de Minas	6,5787	
Enxeñaría Industrial	6,5500	
Licenciatura en Traducción e Interpretación	6,4690	
Licenciatura en Dereito	6,4644	
Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, especialidade en Son e Imaxe	6,4371	

CAMPUS VIGO		
Titulación		Media
Enxeñaría Técnica de Telecomunicación, especialidade en Sistemas de Telecomunicación		6,4261
Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial		6,4053
Licenciatura en Bioloxía		6,3764
Licenciatura en Filoloxía Galega		6,3567
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas		6,3421
Licenciatura en Ciencias do Mar		6,3384
Licenciatura en Química		6,3303
Licenciatura en Filoloxía Inglesa		6,2710
Licenciatura en Economía		6,2473
Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Química Industrial		6,1581
Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Electrónica Industrial		6,1551
Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Electricidade		6,1517
Diplomatura en Ciencias Empresariais		6,1358
Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Mecánica		6,1235
Diplomatura en Relacións Laborais		6,0445
Mestre, especialidade de Educación Infantil		6,0348
Diplomatura en Enfermaría (Meixoeiro)		5,9573
Mestre, especialidade de Educación Primaria		5,6814

Anexo IV

Solicitud de participación na convocatoria de premios á excelencia académica para novo alumnado de doutoramento da Universidade de Vigo no curso 2017/18

Programa de Doutoramento

DATOS PERSOAIS (*encher en letra maiúscula*)

Nome:..... Apelidos:.....

DNI/NIE/Pasaporte:.....

Endereço(*):

C.Postal:..... Poboación:..... Provincia:..... País:.....

Teléfono:..... Endereço electrónico

(*) NOTA: este enderezo servirá para todas as comunicacións

DATOS BANCARIOS

				ENTIDADE	OFICINA	D.C.	Nº DE CONTA (dez díxitos)												
E	S																		
		(cumprimentar todos os díxitos do IBAN)																	
		NOME DO BANCO:										ENDEREZO DO BANCO:							
		SINATURA E SELO DO BANCO:																	

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- que todos os datos que manifesta neste escrito son verdadeiros,
- que entende e coñece todos os termos da convocatoria, en particular, onde se expresa que a ocultación ou falsidade de documentos leva aparellada a perda de todo derecho para presentarse a esta convocatoria,
- que se compromete a manter a condición de matrícula durante todo o período de beneficio da bolsa,
- estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social.

_____, ____ de _____ de 2017

Sinatura da persoa solicitante